

GOYA e CAMARÓN: Pintores de Cámara

No marco das conmemoracións do Día da Reconquista, o Museo Municipal de Vigo Quiñones de León presenta tres personaxes claves da época napoleónica: Carlos IV, Fernando VII e Pío VII, a través dos cadros executados polos Pintores de Cámara Francisco de Goya e José Camarón que se conservan nas coleccións do propio Museo e no Museo Diocesano de Tui-Vigo.

Transcendendo a ollada unidireccional ao pasado, estes lenzos evocarán os feitos que definen a invasión napoleónica de Europa nos albores do século XIX descubríndonos, unha vez máis, que a paz é un proceso do que todos somos responsables.

Non é doado sintetizar a complexidade política, social e económica deste período histórico.

Trala revolución francesa de 1789, Napoleón Bonaparte (1769-1821) faise co poder en Francia e decide estender os seus dominios enfrontándose ás potencias do Antigo Réxime. Logra conquistar a maior parte do territorio europeo realizando importantes transformacións políticas, afianzando os ideais revolucionarios e implantando un código civil, o chamado "Código Napoleónico". As súas relacións co Papa Pío VII, de mutuo respecto ao principio, terminan tamén en inimizade. A fin do Imperio napoleónico virá marcada pola derrota do exército francés ante a coalición europea, en 1815, na batalla de Waterloo.

A historia da Guerra de Independencia española ten o seu inicio baixo o reinado de Carlos IV. En 1807, Napoleón, aliado de España, co pretexto de atravesar coas súas tropas cara a Portugal (aliada dos ingleses e polo tanto a súa inimiga), invade o noso país. O seu plan, unha vez ocupada España, é substituír a dinastía Borbónica por un membro da súa propia familia, coroando ao seu irmán José Bonaparte como rei de España. Malia ser un hábil estratega, Napoleón non contou coa enérxica reacción do pobo español que, indignado, levantouse en armas contra os franceses con valor e audacia. O exemplo do acontecido no levantamento madrileño do 2 de maio espallouse como a pólvora. Xorden as Xuntas dos Reinos, como a de Galicia, ou a Xunta Central en Cádiz, onde as Cortes redactarán en 1812 a nosa primeira constitución. A táctica militar empregada polos españois estableceu unha guerra de guerrillas que, co apoio militar inglés e portugués, foi abatendo o exército francés que se foi repregando paulatinamente. No ano 1814 Napoleón chega a un acordo co herdeiro de Carlos IV, Fernando VII "O Desexado", firmando entre ambos un pacto de non-agresión polo que se recuperou a dinastía borbónica para a coroa española.

En Galicia, os acontecementos desencadéanse en 1809 coa irrupción de 25.000 franceses en persecución do xeneral inglés John Moore. Feitos bélicos vitoriosos para os galegos terán lugar en Elviña, Pontesampaio e na reconquista de Vigo. En xaneiro de 1809 a desgornecida vila é tomada polos franceses. O seu alcalde, Vázquez Varela, decide capitular honrosamente para evitar o derramamento de sangue. A partir dese momento, a acción valorosa dos vigueses dentro e fóra das murallas, logra minar a moral dos ocupantes. Vigo é reconquistada en só 58 días, converténdose no lugar de España que menos tempo permaneceu baixo dominio francés e acadando o título de Cidade Fiel, Leal e Valorosa.

HORARIOS DE VISITA:

Martes, xoves e venres: 10.00 - 13:30 h / 17:00 - 20:00 h

Mércores: 10:00 - 20:00 h

Sábados: 17:00 - 20:00 h

Domingos e festivos: 10:00 - 13:30 h

Actividades e material didáctico: consultar web do museo.



MUSEO MUNICIPAL DE VIGO
"QUIÑONES DE LEÓN"

Parque de Castrelos, s/n. 36213 Vigo.
Tlfnos. (+34) 986 295 070 / 75. Fax (+34) 986 239 372
museocastrelos@vigo.org
www.museodevigo.org

COLABORA:

MUSEO DIOCESANO
DE TUI-VIGO

Imaxe de portada:
Bosquexo do Retrato de Carlos IV a caballo.
Francisco de Goya, atrib. Ca. 1800.
Museo Municipal de Vigo Quiñones de León. Nº inv. 452

Depósito Legal:

GOYA e CAMARÓN: Pintores de Cámara



MUSEO MUNICIPAL DE VIGO
QUIÑONES DE LEÓN
do 28 de marzo ao 7 de maio de 2006

O nome de **Francisco de Goya y Lucientes** (Fuendetodos. Zaragoza, 1746 – Bordeos, 1828) vai unido a unha extraordinaria actividade artística. Formado inicialmente en Zaragoza, o seu desexo de aprender motiva o seu traslado a Madrid e a súa viaxe a Italia. Casado coa irmá do seu “mestre” Francisco Bayeu, pintor do rei Carlos III e director da Academia de Belas Artes de San Fernando, comeza a traballar para a Corte madrileña en 1774, deseñando “cartóns” na Real Fábrica de Tapices.

O seu triunfo como artista afiánzase trala morte do rei. O seu sucesor, Carlos IV, noméalle Pintor de Cámara en 1789, o que supón un notable recoñecemento. A Corte e as máis nobres familias españolas serán retratadas polo pintor.

Trala ocupación napoleónica accede á coroa de España o rei Fernando VII. Goya e a súa obra non serán do agrado do novo monarca. Sospeitoso de liberal e afrancesado, será substituído polo pintor Vicente López, provocando o seu illamento paulatino. As sucesivas enfermidades que padece o obrigarán a se recluír na Quinta del Sordo, nas aforas de Madrid. Finalmente, no medio da represión desatada polo absolutismo de Fernando VII, abandona España en 1824 e aséntase na cidade de Bordeos (Francia), xunto a outros liberais exiliados.

Inmerso nas tendencias estéticas que marcan as últimas décadas do século XVIII e comezos do XIX e que configuran o tránsito dende o Barroco final ao Romanticismo, o temperamento artístico de Goya e a súa persoal concepción da pintura lévano percorrer o seu propio camiño estético. Membro da Academia de Belas Artes de San Fernando dende 1780, da que chega a ser director de pintura, a súa paixón innovadora sitúao na vangarda da arte da súa época, e a defensa da liberdade creativa do artista acaba por enfrontalo abertamente cos postulados académicos.

A obra de Goya destaca pola variedade de xéneros e temas que trata. Acada a excelencia na pintura relixiosa, na captación da vida cotiá e, especialmente, no retrato, definido baixo os seus pinceis pola penetración psicolóxica, o realismo e a rapidez na execución.

O Bosquexo do Retrato de Carlos IV a cabalo que se amosa nesta exposición é un dos estudos preparatorios a el atribuídos do que se conserva no Museo do Prado, realizado entre 1800-1801. Transloce a fonda formación do pintor



*A Misa de Parida.
Francisco de Goya, atrib. Ca. 1800.
Museo de Vigo Quiñones de León. Nº inv. 456*

e a súa influencia velazqueña, tanto na inspiración iconográfica como na «maxia do ambiente».

A pintura relixiosa é importante na obra de Goya. É a primeira que desenvolve e será frecuente na súa dilatada produción. A fondura do seu sentimento relixioso non impide a súa firme posición liberal en materia de costumes e vida social. De plasmar unha relixiosidade convencional e popular pasa a unha “ilustrada” e intimista. A Misa de Parida que se exhibe nesta exposición, lonxe do anticlericalismo que algúns autores atribuíron ao artista, posúe unha acentuada emotividade.

As súas obras de tema cotián son inicialmente triviais e costumistas volvéndose, ao rematar o século, en crítica desapiadada da sociedade do seu tempo. Os seus gravados, definidos por unha insólita e aguda sensibilidade social, amosan o compromiso do autor coa defensa das liberdades individuais.

Goya cultivou o pensamento ilustrado e foi un liberal moderado. Asumindo as contradicións dos ilustrados da súa época, afrontou o xiro violento da revolución francesa manténdose a favor da Ilustración fronte ao Antigo Réxime. Un clima sociopolítico enrarecido, prolegómenos da Guerra de Independencia, e a grave enfermidade que o deixa xordo en 1792 maduran as súas concepcións estéticas e acentúan a súa postura crítica. O estalido da guerra debate ao pintor entre a súa ideoloxía liberal e o seu patriotismo, ennobrecido nos seus cadros sobre o levantamento popular en Madrid en maio de 1808, e súmeo no descrédito das posicións políticas que defendera. Un realismo cru e desolado dominará a serie de gravados dos “Desastres da Guerra”, preludio do que o artista, recluído na Quinta del Sordo, vai intensificar coas “Pinturas Negras”. As súas imaxes, impresionantes e escuras, serán para os pintores expresionistas e surrealistas un claro referente.

José Camarón y Meliá

(1760-1819) naceu en Segorbe (Castellón). É fillo, neto, irmán e pai de toda unha familia de artistas. Iniciou a súa formación na Academia de San Carlos de Valencia e completouna nas academias de San Fernando en Madrid e de San Lucas de Roma. Durante a súa traxectoria artística relacionouse cos grandes pintores daquela época, como foron Francisco e Ramón Bayeu, Maella, Goya, Vicente López, Gregorio Ferro, Ginés de Aguirre, Cosme de Acuña, Zacarías



*Retrato de Fernando VII.
José Camarón y Meliá. 1814.
Museo Diocesano de Tui-Vigo.*



*Retrato de Pío VII.
José Camarón y Meliá. 1814.
Museo Diocesano de Tui-Vigo.*

González Velázquez, etc. Foi académico de mérito da Real Academia de San Carlos e da de San Fernando, traballou para a Real Fábrica de Tapices, foi director da Real Fábrica de Porcelana, debuxante para os gravados de cadros da colección real, tenente director efectivo e director honorario da Academia de San Fernando e pintor de Cámara nos reinados de Carlos IV e Fernando VII.

Durante a ocupación francesa, contrariado polo trato que a Academia de San Fernando recibía por parte das autoridades madrileñas supeditadas aos invasores franceses, amosou o seu descontento retirándose a Valencia, en cuxa academia recibira

parte da súa primeira formación. Despois de que José Bonaparte abandonara definitivamente a capital de España (17 de marzo de 1813) seguido polo exército francés, a Real Academia de San Fernando, co desexo de emprender de novo as súas actividades académicas, cursou aviso a Camarón, invitándoo a regresar a Madrid. Malia que, como consta na acta da xunta directiva, «as comúns desgrazas caeran sobre el moi de pleno, Camarón manifesta que está disposto a volver ao seu posto e exercer o seu labor docente para o restablecemento do prestixio da Academia.

Con motivo da derrota de Napoleón e a volta do rei a España e do Papa á súa sé de Roma, o cabido de Tui, en sesión do día 27 de maio de 1814, decide encomendar a un prestixioso retratista da corte os retratos do rei Fernando VII e do Papa Pío VII.

Camarón recibiu a encomenda en Madrid e, no seu taller da Corte, realizou estes magníficos retratos que se exhiben nesta exposición. O Papa Pío VII, sentado nunha sinxela butaca que lle serve de trono pontificio, coa ollada nobre e suave, aparece dedicado ao traballo intelectual simbolizado na pluma, o pergameo e o tinteiro. O rei Fernando VII, ollando ao público sen concesións á beleza formal, con uniforme militar: banda, sable, condecoracións e demais símbolos do poder, amosa a súa hexemonía e autoridade.

Nestes cadros podemos observar a tradición de certo perfeccionismo propio da escola valenciana mesturado cun aire de academicismo neoclásico que proporciona aos personaxes esa prestancia e supremacía presidencialista. Camarón, seguindo a tradición do retrato español, soubo combinar nestes dous cadros a fidelidade ao retrato coa elegancia propia dun rei e a natural prestancia dun pontífice. Os símbolos e o decorado de fondo cerran o clima alegórico do academicismo onde o autor forxara o seu peculiar estilo neoclásico.